BASES CONVOCATORIA ERASMUS +

MOBILIDADES DE ALUMNADO DE CICLOS SUPERIORES

PRÁCTICAS NO ESTRANXEIRO
CONVOCATORIA XUÑO 2026

Nº DE PROXECTO: 2025 -1-ES01-KA131-HED-000339604

CONSORCIO FP SUPERIOR "OURENSE-EUROPA"

CIFP A CARBALLEIRA - MARCOS VALCÁRCEL
CIFP A FARIXA
CIFP PORTOVELLO
I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Cofinanciado por la Unión Europea

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

BASES CONVOCATORIA ERASMUS +

MOBILIDADES DE ALUMNADO DE CICLOS SUPERIORES

PRÁCTICAS NO ESTRANXEIRO

Convocatoria xuño 2026

Nº de PROXECTO: 2025 -1-ES01-KA131-HED-000339604

Ourense, xuño 2026

Consorcio FP Superior "Ourense-Europa"

CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel
Praza da Lexión, s/n 32002 Ourense
Tfno: 988788470 / programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal / https://www.cifpacarballeira.gal/

CIFP A Farixa
Rúa das Laxas, s/n 32005 Ourense
Tfno: 988783012 / programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal / http://www.farixa.gal

CIFP Portovello
Rúa Luis Trabazos, 1 Ourense CP 32004 Ourense
Tfno. 988788903 / programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal/ http://www.cifpportovello.gal

I.E.S. 12 de Outubro
Av. de Santiago, 2 32001 Ourense
Tfno: 988788211 / programas.internacionais.ies.12.outubro@edu.xunta.gal / http://www.12outubro.gal/

Cofinanciado por la Unión Europea

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+

Alumnado de ciclos Superiores

RESUMO DA CONVOCATORIA

- Programa: Erasmus+ KA131 – Ciclos superiores
- Proxecto: 2025-1-ES01-KA131-HED-000339604
- Destinatarios: alumnado de ciclos superiores de FP
- Mobilidades: setembro – decembro de 2026
- Duración: ata 14 semanas
- Prazas: 4
- Prazo de solicitude: do 8 ao 16 de xuño de 2026
- Resolución definitiva: 26 de xuño de 2026

BASES DA CONVOCATORIA

O Consorcio FP Superior Ourense - Europa convoca un proceso de selección para a concesión de bolsas de mobilidade para prácticas para o alumnado de Ciclos Superiores de Formación Profesional, segundo acordo da reunión do Consorcio do 4 de xuño de 2026**, ata un total de 4 prazas.**

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA131) de Mobilidade de estudantes de Educación Superior do Programa ERASMUS+ (xestionados pola Axencia Nacional-SEPIE en España), están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

A mobilidade terá unha duración máxima de 14 semanas de prácticas NON REMUNERADAS, en entidades de acollida relacionadas cos estudos cursados das familias profesionais impartidas nos centros.

A súa finalidade é proporcionar as persoas beneficiarias a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O Consorcio FP Superior Ourense - Europa apoiará ao alumnado, a través do seu centro de ensino na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa.
- Seguimento por parte da titoría das prácticas e da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.

1 ASPECTOS XERAIS

Dirixido a alumnado de ciclos de Grao Superior para a realización das prácticas curriculares en entidades de acollida no estranxeiro.

O Consorcio FP Superior Ourense-Europa proporciona, a través do centro de matriculación do alumno, a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos académicos relacionados coa validez da realización da Formación en Empresa (FE) en países adheridos ao programa. Tamén facilitará, na medida do posible, a xestión da mobilidade e o contacto cos centros de traballo.

2 REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Matricularse para a realización da fase de prácticas ou FCT durante o curso 2026/27 nun ciclo formativo de grao superior de Formación Profesional ou nun curso de especialización de Formación Profesional de grao superior nalgún dos centros educativos que forman parte do Consorcio, e/ou estar en condicións de acceder á realización da Formación en Empresa (FE) ou da antiga Formación en Centros de Traballo (FCT), antes do comezo da mobilidade.
2. Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

3 PERÍODO DE REALIZACIÓN

Entre setembro e decembro de 2026 (curso 2026/2027), unha vez accedido á FE ou ao módulo de FCT e de acordo aos procedementos establecidos en cada centro do Consorcio e as indicacións dos seus correspondentes Departamentos de Relacións coas empresas.

4 DURACIÓN E LUGAR

4.1 Duración

- FE - 500 horas, ata un máximo de 14 semanas.
- FCT 384 horas, ata un máximo de 10 semanas
- Cursos de especialización: 120/150 horas, ata un máximo 30 días.

4.2 Lugar:

Cada un dos centros de ensino que forman parte do Consorcio ofertará destinos, logo da publicación desta convocatoria, en función das entidades de acollida ou institucións colaboradoras de que dispoña para cada unha das especialidades impartidas.

Por outra banda, o alumnado solicitante poderá promover a realización de convenios con entidades de acollida do seu interese. Para isto deberá presentar un "Compromiso de acollida da empresa" no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria), ou ben calquera outra proba documental xustificativa que sexa considerada suficiente segundo o criterio do comité de selección.

5 ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO

5.1 BOLSAS ERASMUS+

Os importes están fixados pola Axencia Nacional pola duración completa do proxecto de mobilidade. (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar).

O importe total final calcularase en función da duración real da estancia, do país de destino e do perfil da persoa beneficiaria, incluíndo os seguintes aspectos:

Apoio individual para Mobilidades de longa duración:

		Contía mensual para prácticas
Grupo 1 **Países con costes de vida superiores**	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia Terceiros países non asociados ao Programa das rexións 13 e 14.	500 EUR
Grupo 2 **Países con costes de vida medios**	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	450 EUR
Grupo 3 **Países con costes de vida inferiores**	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía	400 EUR
Países non asociados	Terceiros países non asociados ao Programa das rexións 1-12	700 EUR

Ver guía do programa Erasmus para a lista de terceiros países: https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/programme-guide/part-a/eligible-countries

Apoio individual para Mobilidades de curta duración para todos os países:

Duración da actividade de mobilidade física	Importe
Ata o 14º día de actividade:	79 EUR ao día
Do 15º ao 30º día de actividade:	56 EUR ao día

Apoio para viaxes

Distancias de viaxes	Desprazamentos ecolóxicos - Importe	Desprazamentos non ecolóxicos - Importe
Entre 10 e 99 km	56 EUR por participante	28 EUR por participante
Entre 100 e 499 km	285 EUR por participante	211 EUR por participante
Entre 500 e 1 999 km	417 EUR por participante	309 EUR por participante
Entre 2 000 e 2 999 km	535 EUR por participante	395 EUR por participante
Entre 3 000 e 3 999 km	785 EUR por participante	580 EUR por participante
Entre 4 000 e 7 999 km	1188 EUR por participante	1188 EUR por participante
8 000 km ou máis	1 735 EUR por participante	1 735 EUR por participante

Por «distancia de viaxe» entenderase a que separe o lugar de orixe e aquel no que se desenvolva a actividade, mentres que o «importe» cobre a contribución á viaxe de ida e volta desde o lugar da actividade.

5.2 AXUDA ADICIONAL

Financiarase unha cantidade adicional de 250 EUR mensuais aquelas persoas solicitantes con menos oportunidades, que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) **Discapacidade**: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou ter unha solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.

b) **Dificultades educativas e formativas**: acreditarase mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.

c) **Obstáculos socioeconómicos**: esta situación acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Certificado de ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Certificado de ser beneficiario de bolsa de comedor/libros.
- Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia (no caso de menores).
- Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado de familia monoparental.
- Certificado de vítimas de terrorismo.
- Acreditación de situacións de violencia de xénero.
- Certificado de orfandade.
- Certificado de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo.
- Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.
- Acreditación de aquelas persoas que non poden acceder ás prestacións as que se fai referencia neste apartado, por algunha das seguintes causas: falta do período esixido de residencia ou empadroamento ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

d) **Problemas de saúde**: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dalgún dos seguintes documentos:

- Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.
- Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.

e) **Diferenzas culturais**: acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
- Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.

f) **Discriminación**: esta situación acreditarase mediante certificado da administración competente e informe do departamento de Orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, acoso escolar.

No caso de mobilidades de curta duración, os estudantes con menos oportunidades reciben un importe complementario ao apoio individual da subvención Erasmus+ da UE que ascende a 100 EUR no caso dunha actividade de mobilidade física cunha duración de entre 5 e 14 días e a 150 EUR cando a duración sexa de entre 15 e 30 días.

Haberá unha axuda para estudantes con necesidades especiais física, mentais o de enfermidade que impida participar na mobilidade sen un apoio financeiro adicional.

5.3 PARTICIPANTES CUNHA BOLSA CERO DOS FONDOS ERASMUS+ DA UE

O alumnado que non reciba subvención Erasmus+ da UE, pero que cumpra todos os criterios de mobilidade pode optar a unha bolsa cero (sen fondos de apoio individual nin adicional) e beneficiarse do resto das vantaxes do programa Erasmus+. Poden recibir a financiación descrita no apartado 5.4 seguinte.

5.4 AXUDAS COMPATIBLES COA FINANCIACIÓN ERASMUS +

Axudas da FCT para transporte, da Consellería de Educación Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia: segundo a convocatoria anual e o país de destino.

6 COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. A instrución, e ordenación no procedemento corresponde a unha comisión de selección que se constituirá en cada centro educativo do Consorcio coa seguinte composición:
   - Presidencia: a persoa que exerce a dirección do Centro, ou persoa en quen delegue.
   - Vogalías:
     - A persoa coordinadora de programas internacionais do centro.
     - Dúas persoas do equipo directivo
   - Secretaría: unha persoa representante do profesorado, que actuará con voz pero sen voto.
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro correspondente.

7 CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PERSOAS SOLICITANTES

As prazas dispoñibles baixo o programa de mobilidade descrito nesta convocatoria asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada segundo criterios establecidos no proxecto aprobado no Consorcio e que valorarán os seguintes apartados:

7.1 Expediente académico (máximo 4 puntos).

- Terase en conta a nota media do primeiro curso do ciclo formativo completo ou do ciclo completo que deu acceso nos casos de cursos de especialización ou ciclos dun só curso
  - Nota media inferior a 6: 1 punto.
  - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
  - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
  - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

7.2 Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

- Certificación de nivel B1 /nota superior a 7 no módulo de idioma no ciclo: 1 punto.
- Certificación de nivel B2: 2 puntos.
- Certificación de nivel C1: 3 puntos.
- Certificación de nivel C2 / falante nativo no idioma de traballo da mobilidade: 4 puntos.

Neste apartado non se contempla valoración sobre as competencias en español nin galego, aínda sendo posibles idiomas de traballo.

7.3 Informe equipo educativo e entrevista persoal (máximo 4 puntos):

Os equipos educativos de cada persoa solicitante realizará un informe cuantitativo no cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación:

- Coas actividades a desenvolver durante a mobilidade,
- Coa actitude responsable e madureza persoal suficiente para afrontar unha estancia de mobilidade internacional
- Ca capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.

Pódese considerar necesaria a convocatoria á persoa solicitante para unha entrevista persoal valorativa. De non se presentará entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

A comisión poderá solicitar informes adicionais ao titor/a do grupo ou ao departamento de orientación. Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.

7.4 Persoas participantes con menos oportunidades (máximo 2 puntos).

Considéranse participantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das situacións descritas no punto 5.2 destas bases, sobre axudas adicionais.

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudios superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade. (1 punto)
- Ter algunha das condicións descritas nos apartados a), b), d), e), f) do punto 5.2 destas bases sobre Axuda Adicional (1 punto)

7.5 Compromiso de acollida (2 punto)

O alumnado solicitante poderá promover a realización de convenios con entidades de acollida do seu interese. Para isto deberá presentar un "Compromiso de acollida da empresa" no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria), ou ben calquera outra proba documental xustificativa que sexa considerada suficiente segundo o criterio do comité de selección.

7.6 Criterios de desempate. No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

- 1º Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.
- 2º Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

8 SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude na secretaría do centro correspondente **do 8 de xuño ata o 16 do mesmo mes de 2026**, antes das 14:00 h.

O impreso de solicitude está no Anexo I desta convocatoria e tamén pode recollerse na secretaría de cada centro.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da competencia lingüística alegada.
- De ser o caso, Compromiso de Acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria) ou outra proba documental.
- De ser o caso calquera dos documentos descritos no punto 5.2 destas bases, sobre a Axuda Adicional.

9 RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Cada centro mediante a súa comisión de selección baremará as solicitudes presentadas segundo estas bases, unha vez estudadas as solicitudes recibidas

Finalizado o proceso de baremación asignaranse as prazas ofertadas segundo o reparto realizado en reunión do Consorcio do día 4 de xuño de 2026, ata un total de **4 prazas**.

Publicaranse nos taboleiros de anuncios, así como na páxina web, o informe da resolución provisional, nas que se incluirá a lista de adxudicacións, a lista de agarda e as persoas solicitantes consideradas non aptas, a partir do 19 de xuño de 2026.

O **prazo de reclamacións será do 19 ao 25 de xuño de 2026**.

A **resolución definitiva farase pública o día 26 de xuño de 2026** na web de cada centro do Consorcio, coa lista de persoas seleccionadas e unha lista de agarda, na orde establecida segundo os criterios de baremación.

Se por causa xustificada algún seleccionado non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta segundo a orde da listaxe de agarda.

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO

- **– Prazo de presentación de solicitudes: do 8 ao 16 de xuño de 2026**
- **– Publicación da resolución provisional: 19 de xuño de 2026**
- **– Prazo de reclamacións: do 19 ao 25 de xuño de 2026**
- **– Resolución definitiva: 26 de xuño de 2026**
- **– Período de mobilidade: setembro a decembro de 2026**

10 CONDICIÓNS ACADÉMICAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

A selección definitiva do alumnado estará condicionada ao informe de avaliación emitido polo equipo docente correspondente, no que se deberá acreditar que a persoa seleccionada ten superados os resultados de aprendizaxe vinculados á formación no centro educativo.

Este informe deberá indicar expresamente que o/a estudante non precisa reforzo educativo presencial durante o período de realización das prácticas formativas no estranxeiro, garantindo así a súa aptitude académica para participar na estadía internacional.

11 FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Todo o alumnado fará unha proba de nivel na plataforma en liña proporcionada pola Comisión Europea sobre o idioma do país para o que foi seleccionado, ou no seu defecto en inglés.

O alumnado, tras a proba de nivel, poderá realizar unha formación en liña na devandita plataforma de acordo ao nivel obtido.

12 COMPROMISOS DO ALUMNADO SELECCIONADO

- Participar en todas as actividades de preparación previas á mobilidade
- Asinar o Convenio de Subvención co centro e o Acordo de aprendizaxe (*Learning Agreement*) coa entidade de acollida e demais documentos do programa
- Manter unha actitude responsable durante a estancia e cumprir coas obrigas na entidade de acollida.
- Entregar os documentos de seguimento, avaliación e certificación ao regreso.
- Cubrir e enviar o informe final sobre a súa experiencia de mobilidade (a través da ferramenta en liña EU Survey)

Se a persoa participante incumpre algunha de estas ou outras das súas obrigas poderase reducir o importe da subvención, ou anular a mobilidade e deberá reintegrar a axuda concedida.

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS +, MOBILIDADE DE ALUMNADO CICLOS SUPERIORES PARA PRÁCTICAS NO ESTRANXEIRO - Período setembro-decembro de 2026
2025-1-ES01-KA131-HED-000339604

DATOS DO/A CANDIDATO/A					
Apelidos		Nome			
Enderezo					
Teléfono		Correo electrónico			
DNI ou NIE		Data de nacemento		Nacionalidade	

CURSO ACTUAL	
Ciclo	
Centro	

IDIOMAS		
Idioma acreditado	nivel	Falante nativo/a ☐
		Idioma
		Nota idioma de traballo

PARTICIPACIÓN PREVIA EN MOBILIDADES K103/131 ERASMUS+			
SÍ ☐	Ano e centro		NON ☐

DATOS DA INSTITUCIÓN OU ENTIDADE DE ACOLLIDA (só no caso de presentar "compromiso de acollida")					
Nome do centro		web			
Correo electrónico		Enderezo			
Persoa de contacto		País		Teléfono	

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA

1) Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo ou similares conceptos para os que se solicita a axuda correspondente á realización da FCT no período comprendido nesta convocatoria
2) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3) Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4) Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.**	**OPÓÑOME Á CONSULTA**
DNI ou NIE da persoa solicitante. Certificado de notas do último curso escolar ou ciclo da persoa solicitante	☐ ☐

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA
☐ Documentos acreditativos da competencia lingüística.
☐ Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II) se é o caso.
☐ Bolsa do *Ministerio de Educación y Formación Profesional y Deportes* no curso 2024-2025
☐ Documentación relacionada coa condición do solicitante como persoa con menos oportunidades

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e/ou supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA	
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense – Europa N.º proxecto: 2025-1-ES01-KA131-HED-000339604 No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.	
Sinatura	**Data** Ourense a____de_____ de 2026

Comisión de Selección de Mobilidades de alumnado para prácticas de Ciclos Superiores
Consorcio Formación Profesional Superior Ourense-Europa

Annex II

Training commitment

Name of the candidate	
Personal ID nº:	

I, (name) .....

as legal representative of the company .....

.....

With VAT number .....

I commit to welcoming ..... (participant´s name) .....

As an unpaid work experience participant, within the Erasmus + Programme,

in the period from September to December of 2026.

signature

FOR THE HOST ORGANISATION

- Name:
- Position:
- Telephone:
- Address
- E-mail:
- Web:
- Place/ date: